

Programa Retorna Cualifica Empleo

Información para
empresas interesadas



O programa Retorna Cualifica Empleo ten como finalidade contribuír a incrementar a poboación activa de Galicia a través da **atracción das persoas galegas residentes no estranxeiro**, tanto as emigrantes como as súas descendentes, facilitándolles mecanismos e medios para a súa cualificación e a súa inserción laboral.

O programa Retorna Cualifica Empleo ten como obxectivo específico que aquelas persoas que contan cun plan de cualificación e empregabilidade, **subscriban un contrato de traballo** cunha duración mínima de 12 meses, ou 15 meses no caso de ser un contrato de traballo fixo-descontinuo dos cales o período de actividade será como mínimo de 9 meses.



Inscripción no programa

Para participar no o programa Retorna Cualifica Empleo **as empresas deberán realizar a súa inscrición** mediante:

- ➔ A **solicitud de adhesión** ao Programa Retorna Cualifica Empleo.
- ➔ A formalización do correspondente **compromiso de contratación** das persoas participantes no programa con calquera das Fundacións colaboradoras, indicando os perfís e número de persoas a contratar, modalidades de contratos, duración e xornada e identificación ou localización dos centros de traballo.



Programa Retorna Cualifica Empleo



Contidos do programa

Coa participación no programa Retorna Cualifica Empleo **as empresas recibirán os seguintes servizos:**

- ↪ **Preselección das persoas participantes** no programa que reúnan os requisitos e se axusten aos perfís demandados polas empresas e que ademais manifesten a súa dispoñibilidade e conformidade para trasladarse a Galicia para incorporarse ao posto de traballo ofertado.
- ↪ Asistencia por parte das fundacións convenidas para o proceso de contratación das persoas.



Requisitos para poder participar

- ↪ Poden participar as **empresas con centros de traballo en Galicia** interesadas na contratación de persoas traballadoras migrantes galegas que participen no Programa Retorna Cualifica Empleo **e coas se comprometan a formalizar o correspondente contrato de traballo.**
- ↪ Para a formalización do contrato con participantes incluídos no Programa **é imprescindible que a oferta de emprego sexa previamente obxecto de difusión a través do Servizo Público de Emprego de Galicia.**
- ↪ A duración do contrato ofertado en todo caso será como **mínimo de 12 meses**, agás na modalidade **fixo-descontinuo que deberá ser como mínimo de 15 meses** e dos cales 9 meses serán de actividade.

Realiza a túa inscrición a través de calquera das fundacións colaboradoras

**fundación
nortempo**



**VENANCIO SALCINES
FUNDACIÓN**

